



De Vila a Cidade  
{séculos XIII-XIX}

## INTRODUCCIÓN

Segundo moitos autores a orixe da cidade de Vigo atópase xunto a dúas enseadas ou fondeadoiros, a do Areal e a da ribeira do Berbés, que ata principios do século XX conservaban practicamente inalterables as súas correspondentes praias.

## ARQUITECTURA RELIXIOSA

Xunto á enseada do Areal aparece no século XI a primeira parroquia da nosa cidade, a de Santiago de Vigo e xa no século XII, aparece a segunda, a de Santa María de Vigo, situada perto da ribeira do Berbés. Isto proba a existencia de dúas comunidades veciñais que habitaban unha costa que lles ofrecía abundante pesca, marisqueo e excelentes posibilidades naturais para levar a cabo unha serie de operacións de carga, descarga e venta de peixe fresco e de mercadorías propias do comercio que se desenvolvía naquel tempo.

Son poucas as construcións que conservamos desta época. Os mellores exemplos témolos en arquitectura relixiosa coa igrexa de Santiago de Bembrive, a de San Salvador de Coruxo e na parroquia de Castrelos a mellor conservada, Sta. María de Castrelos.


Aínda que só estes tres templos románicos chegaron ata

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

nós, entre os séculos XII e XIII construíronse na nosa cidade 10 templos máis. Estas igrexas eríxense nun período de estabilidade e florecemento cultural de Galicia, impulsado polos reis Afonso VII, Fernando II e Afonso IX, cuxo principal expoñente é a catedral de Santiago de Compostela e numerosos mosteiros que tiveron moita influencia nos edificios construído no rural galego.

Erixida nun lugar pagano, a súa propia denominación, Castrelos, evidencia a relación cos dous xacementos de época castrexa próximos ao edificio.

Templo de estilo románico do século XIII, dunha soa nave con ábsida na cabeceira de treito recto e semicircular e con óculo. Presenta unha serie de peculiaridades, como a ausencia de contrafortes nos muros e motivos decorativos de óculos na ábsida, moi raros no románico.




**Igrexa de  
Santa María  
de Castrelos**

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Unha inscrición certifica a súa consagración como templo no 1216.

Conta con tres fachadas: a norte, con porta de arco apuntado e dúas saeteiras; a sur, cunha porta de arco apuntado con dúas fiestras de igual deseño que a porta; e a fachada principal, que conta cunha porta de arco apuntado na que chama a atención a existencia no seu lado esquerdo dunha fiestra cun perpiaño cun sinal castrexo que Castelao denominaba "esvástica do Miño" e que consideraba propia da arte rupestre local. Este motivo indícanos a influencia dos motivos castrexos nas igrexas románicas.

O máis destacable, e que o fai único, é que tras unha recente restauración do templo, foron descubertas nos seus muros interiores unhas pinturas murais que segundo o experto en arte románica, Ocaña Eiroa, representan unha Maiestas Domini, unha Misa de san Gregorio, probablemente do século XVI e unha Epifanía cecais do século XV.



## ENXEÑERÍA CIVIL

Esta parroquia tamén conserva un dos poucos exemplos de construción civil que queda en pé do medievo.

Situada na Rúa Travesía da Ponte Romana, o seu nome parece que fai referencia a unha ponte de época romana, pero sen embargo as características que presenta sitúana nun contexto medieval. Construída con perpiaños de granito cunha labra tosca, presenta forma combada e un só arco de medio punto. Ten dous vans que farían o labor de arcos de descarga cando o río levaba moita auga así como catro tallamares e catro tornarrodas. Os tallamares son a parte angular dos piares que teñen forma triangular e servían para atenuar a forza da corrente das augas e os tornarrodas con forma cónica-truncada servían para soste o peitoril.

A calzada está feita a base de lousas grandes e irregulares e nalgunha zona aínda se aprecian as marcas que deixaron as rodas dos carros. Esta ponte parece ser que estaba ligada ao camiño que comunicaba cara á Guarda dende toda a liña de costa.



**Ponte de  
Balaídos**

## construíndo unha cidade


De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Tamén é de orixe medieval unha construción practicamente descoñecida ao atoparse en mal estado de conservación, as salinas da desembocadura do río Lagares. Este complexo, segundo as fontes documentais podería remontarse ao século XII.

O sistema para obter o sal consistía na condución da auga do mar durante a marea alta por medio dunha canle a un gran depósito situado a un nivel máis alto. No momento no que baixaba a marea, pechábase o acceso á canle quedando a auga depositada. Logo era trasladada a outros estanques máis pequenos, constituíndo todos estes compartimentos a salina. Cando era época de calor a auga evaporábase e quedaba o sal que logo era purificado para o seu consumo.

A pesar do gran deterioro no que se atopa, aínda se poden observar con certa claridade algúns restos como o dique no que podemos ver nalgúns dos tramos os ocos onde estaban instaladas as comportas para controlar o paso da auga; os estanques e os alfolíes situados ao borde dos anteriores e que eran empregados como almacéns.

(fotografía/plano: Costas Goberna, F.J.)



**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)



Vigo no século XIX  
Gravado de Mateu

### As murallas de Vigo

Paralelamente á primeira expansión comercial no século XV a vila de mariñeiros e de artesáns que era Vigo, ía medrando sen ningunha planificación urbanística, entre os dous barrios antes citados, o Areal e o Berbés, carente de toda fortificación, ao mesmo tempo que ía cobrando relevancia comercial e estratéxica, polo que haberá de sufrir nun futuro próximo os ataques de corsarios ingleses, de piratas turcos-alxerianos (nos séculos XVI e XVII) que atraídos polo esplendor económico da vila a saquearán en múltiples ocasións.

Ademais, as constantes liortas co Reino de Portugal obrigaron aos poderes públicos a acometer a edificación dunha muralla defensiva entre 1656 e 1665, que tivo que adaptarse á orografía dun terreo en costa e de perímetro irregular.

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

A muralla, de mala e débil mampostería, estendíase sobre a aba de O Castro, formando parte del no punto máis elevado a Fortaleza do Castro que daba paso en liña descendente ao Castelo de San Sebastián. Ámbas foron ciclópeas fortalezas de planta estrelada. A súa traza era irregular e descendía pola liña recta que marcan na actualidade as rúas Baixada a Príncipe e Carral, continuaba logo pola marxe litoral dende a Laxe ata o Berbés, ascendendo posteriormente dende aquí ata o Castelo de San Sebastián á altura do Paseo de Afonso XII.



**Murallas  
de Vigo**


O recinto amurallado presentaba sete portas de acceso denominadas: Gamboa, Laxe, Ribeira ou Berbés, Falperra, Pracer, Sol ou Salgueiral e do Mar ou porta da Fonte de Vigo, e estaba protexido por once baluartes defensivos ou baterías artilleiras (denominadas A Pedra, San Xosé, San Antonio, San Telmo, San Xulián, A Falperra, A Pulga, A Lama, San Antonio, A Gamboa e a Laxe). Da praza partían tres camiños, ao leste da porta da Gamboa o de Redondela e Santiago que transcorría a través do Areal, ao sur o camiño do Porriño a través da porta do Pracer e o de Baiona e Tui pola porta da Falperra. En canto á vila intramuros estaba organizada, dende o punto de vista urbanístico, en torno á Igrexa de Santa María e a sete prazas, que acolleron importantes mercados ao aire libre, das que destacaba a Praza da Vila ou Praza Maior, hoxe coñecida como Praza da Constitución en honor á Constitución de 1812, o eixo económico e institucional da cidade.



## construíndo unha cidade De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

As rúas eran pendentes e mostraban unha traza estreita e intrincada. Tanto estas como as prazas, recibían nomes derivados dos afloramentos rochosos (ex. A Laxe, A Pedra), da abundancia de cursos de auga (Fonte de Vigo), dos caracteres do relevo (Gamboa, Outeiro, Alta), dun tipo de vexetación (Salgueiral), da concentración de certos oficios (Sombriereiros, a Ferrería, da Leña, da Herba) e nalgúns casos respostaban á proximidade de algún edificio singular (San Sebastián, do Arco, Alfóndiga).

A maioría das vivendas eran de pequeno tamaño e en xeral aparecían mal dispostas, sen orde algunha e enlucidas exteriormente con cal.



## construíndo unha cidade

### De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Na Praza da Constitución celebrábanse dende 1670 dúas feiras anuais e o mercado franco dos sábados, no que a xente das parroquias rurais concorrían a vender gando miúdo, grans, liño, manteiga, entre outros productos. Nela atopábase a sede municipal e era o lugar de cita obrigada para os grandes acontecementos históricos e cerimoniais.



Fonte do Berbés  
Arquivo Patrimonio Histórico

Polo que respecta á Praza da Pedra (hoxe de Juan de Villavicencio) especializouse na venda de artigos de segunda man, mentres que a Praza Vella ou das Ceboleras (hoxe praza de Almeida), se especializou no mercado de produtos do campo e sementes e a da Alfóndiga na venda do peixe, marisco, carne e do repeso do cereal. Outras prazas destacables son a da Leña (hoxe Calatrava), da Herba (hoxe Argüelles) e a da Pescadería vella, nesta última tivo lugar o antigo mercado do mar que rivalizaba coa praza da Princesa, moito máis importante.

A poboación abasteciábase de cinco fontes pouco salubres denominadas da Ribeira, dos Tornos, do Pracer, da Falperra e de Neptuno, situadas nos arrabais, ata a creación da fonte da praciña da Alfóndiga (hoxe coñecida como do Anxelote) no século XVIII.

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Dende a segunda metade do século XVIII a cidade comeza a medrar extramuros, a carón das portas da cidade, dando lugar a novos barrios ou consolidando os existentes xa a mediados do XIX: o barrio do Berbés, o da Falperra, do Salgueiral e o Areal.

O barrio do Berbés, é un dos enclaves máis antigos da cidade do que falaremos máis adiante. O barrio da Falperra estendíase dende a Falperra ata Peniche e contaba cun bo número de veciños adicados maioritariamente ás tarefas do mar. O barrio do Salgueiral contaba cun menor número de veciños, entre os que abundaban os panadeiros e forneiros.



Mercado da Praza da  
Constitución (s. XIX)

## TIPOLOXÍAS DE VIVENDA

### A casa mariñeira da ribeira do Berbés

Como xa dixemos, a finais do XVI a vila atópase asentada entre dous barrios: O Berbés e O Areal dominados polo monte do Castro (ou Feroso).

Co primeiro momento de esplendor da economía pesqueira e salgadora de Vigo no século XV, debeu comezar a urbanización da Ribeira do Berbés, coa construción das típicas casas mariñeiras de pedra, de dous pisos de altura, con almacéns e soportais na planta baixa, e vivenda familiar na planta alta, algunhas das cales chegaron practicamente inalterables ata os nosos días. Nos seus soportais levábanse a cabo todas as operacións que a pesca requería, incluso a primeira venda da mesma. Podemos afirmar entón que a situación da primitiva lonxa, ata entón na propia praia, experimenta un traslado e pasa a estar a cuberto, baixo os soportais das casas dos mariñeiros da Ribeira do Berbés.

No interior do casco histórico podemos observar dúas tipoloxías de vivendas asoportaladas, por un lado as da actual Praza da Constitución, cuxos soportais teñen como única función resgardar a xente da chuvia e do vento e por outro as casas populares mariñeiras do

Berbés cuxa función principal era resgardar os útiles de pesca, a realización das operacións de primeira venda de peixe e a reparacións das redes dos mariñeiros, ao mesmo tempo que permitían o tránsito dos veciños do lugar.

As casas mariñeiras da Ribeira do Berbés presentan dous andares comunicados por escaleiras, con fachada estreita en relación co seu fondo, nas que se emprega como material o perpiaño. Nelas observamos grandes ménsulas que sosteñen a estrutura dun corredor ou balcón, pechado orixinalmente con barandas de madeira que foron substituídas no século XX por outras de ferro fundido.

Baixo os soportais e retranqueados aparecen dúas portas unha que daba acceso á vivenda do primeiro andar e outra que conducía ao almacén na planta baixa, onde se gardaban distintos materiais de uso cotián nas tarefas de pesca. O primeiro andar era destinado á vivenda. Nel distribuíanse as distintas estancias, comunicadas entre si: as alcobas dan á fachada, mentres que a cociña e o comedor se sitúan ao fondo.



**Casa do  
Berbés**

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

### A casa nobre urbana

Fronte á construción mariñeira, no Casco Vello, realizáronse edificacións para vivenda da fidalguía de finais do século XV, singularizadas polo uso dun escudo de armas na súa fachada xunto ornamentación decorativa.

O mellor exemplo témolo na actual Casa Arines. Situada na Praza de Almeida, foi a antiga morada de dúas casas fidalgas, a dos Ceta e a dos Pazos e Figueroa, que presentan sendos brasóns nas súas fachadas representativos destas liñaxes. Ámbolos dous edificios foron declarados en 1946 monumentos histórico artísticos, sendo recentemente restaurados, para acoller actualmente a sede do Instituto Camões.


Casas de Ceta e Figueroa



**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Este antigo conxunto arquitectónico que conforma o actual instituto, está composto por dúas edificacións. Unha torre medieval, gótico tardía, do século XV cuxa estrutura mural está composta de grosos sillares ben escadrados, nos que se abren unha serie de vans e na que aparece como único elemento decorativo un brasón coas armas da familia Ceta.

Por outra banda a casa urbana nobre dos Pazos e Figueroa do século XVI, de estilo plateresco renacentista, que se estrutura en tres andares separados entre si por unha dobre moldura. A diferenza da torre dos Ceta, amosa un maior aporte decorativo patente nos medallóns que enmarcan a fachada, no almofadado que sostén o balcón, nos vans mixtilíneos de profusa decoración, nas pilastras e listel que enmarcan o van do terceiro corpo.



**Casas de  
Ceta e  
Figueroa**

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

## Os pazos

Dentro da demarcación do concello de Vigo existían outras tipoloxías de construción nobiliar propias dun entorno rural, os pazos. Entre os séculos XVII e XVIII desenvólvese en Galicia unha reactivación da construción pacega, reformándose as mansións rurais ou realizando edificios de nova planta. Nestes séculos, os pazos convertéronse nunha unidade centralizada de produción agropecuaria, sendo o Quiñones de León, ubicado na parroquia de Santa María de Castrelos e illado do núcleo urbano, un bo exemplo pola súa excepcional conservación.



Pazo de  
Castrelos



**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

O pazo de Castrelos, conformou o seu aspecto actual a partir dunha torre defensiva do século XVI, coñecida co nome de Torre de Lavandeira, que foi derrubada no contexto da Guerra da Independencia de Portugal a mediados do século XVII. Finalizada a guerra os seus propietarios escollen unha nova ubicación reedificando o edificio en 1670.

Desta etapa é o edificio de tipoloxía pacega que hoxe se conserva a excepción da torre da dereita, rematada a mediados do XIX. Tomou como modelo o veciño pazo de Santhome ou da Pastora, un edificio cun estilo de palacete urbano castelán. Ao longo dos séculos XIX e XX sufriu unha serie de reformas e ampliacións que o levan a acadar a súa morfoloxía actual. Nel conxúgase a tradición arquitectónica autóctona das torres defensivas ou atalaias coa inspiración nos pazos urbanos renacentistas e o estilo inglés das grandes mansións campestres.

O pazo actual amosa unha planta rectangular formada por un corpo central enmarcado por dúas torres ameadas e rematado por un entaboamento coroadado por ameas. O material das torres e a cantería, pero xa no corpo central se emprega o muro encalado, amosando só a pedra no zócalo, nos vans e no escudo de armas.



**Pazo de Castrelos**

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

Ao longo do S. XVI a actividade da cidade como porto comercial e pesqueiro vaise afirmando e atravesa unha época de esplendor baseado na riqueza mariña do seu litoral, na seguridade dos mares e na estabilidade política e social imposta pola monarquía autoritaria dos Reis Católicos.

Sen dúbida algunha este século vai ser para Vigo unha época de expansión e crecemento a través da cal puido converterse xa por entón nun importante núcleo de poboación cheo de grande vitalidade, que sabe aproveitar a favorable situación do comercio marítimo atlántico para aumentar os seus efectivos demográficos e converterse nun serio rival doutros portos galegos.

Sen embargo, a finais do S. XVI aparece unha aguda crise que vai colapsar a vida pesqueira e marítima de Vigo no transcurso do século XVII e a primeira metade do XVIII. As principais causas que provocan esta crise son a política exterior dos Austrias, que sume España en constantes guerras (con Francia, Flandres, Inglaterra e Portugal), a política fiscal para facer fronte ao enorme gasto público que estas guerras comportan, a acción da piratería turca e a actividade corsaria inglesa.

Pero será a chegada á coroa de España dunha nova dinastía, a borbónica, a principios do século XVIII, a

que dea paso a un novo período no que se iniciou unha recuperación da actividade pesqueira viguesa.

Na segunda metade do século XVIII vaise producir un feito que ía influír notablemente no desenvolvemento futuro das actividades pesqueira e comercial: a chegada a Vigo de inmigrantes cataláns.

Coñecidos como os "fomentadores", os cataláns ante a escaseza de sardiña no Mediterráneo acudiron ás nosas costas para explotar a súa riqueza pesqueira con novas técnicas, modernizando o sector extractivo, salgadoiro e comercial.

No último tercio do século XVIII, Carlos III promoveu unha serie de importantes melloras sociais, políticas e reformas económicas, entre elas destacan, a ruptura do monopolio gaditano aplicado ao tráfico de Indias e a declaración en 1783 a través dunha Real Cédula de que todas as artes e oficios son actividades honestas. Ámbas dúas medidas serán fundamentais para o futuro desenvolvemento económico de Vigo.

Aínda que a finais do século XVIII as principais actividades económicas están moi ligadas á industria de salgado de peixe, xorden paralelamente en Vigo novas fábricas, tamén na súa maioría en mans de xente foránea,

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

tales como fábricas de xabón, de sombreiros e de curtidos, estas últimas con grande demanda debido ao comercio americano.

O Areal a  
finais do s.  
XIX. Arquivo  
Pacheco



**A DEMOLICIÓN DAS MURALLAS,  
FIN DUNHA ÉPOCA**

A entrada dos franceses en España no contexto da Guerra de Independencia, veu precipitar os acontece-

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

O barrio do Areal, vaise converter dende o século XVIII nun dos barrios máis puxantes cando comeza a instalar aquí as súas vivendas xunto cos primeiros establecementos comerciais a burguesía catalá.

Este barrio, de marcado carácter mercantil e navieiro, estaba constituído por numerosas fábricas instaladas nesta parte do litoral polos fomentadores cataláns, que ao longo dos anos foron cambiando toda a fisonomía urbanística, de marcado carácter mariñeiro.

As vivendas dos industriais cataláns caracterizábanse por ter a súa vivenda na primeira planta, ocupando a fábrica a planta baixa.

Conformaban O Areal tamén as antigas casas de mariñeiros e pescadores, así como as de artesáns. Xunto a elas erixíase o edificio da Aduana e o convento das monxas de Nosa Sra. dos Remedios.




**Vivendas  
do Areal**

**construíndo unha cidade**  
De vila a cidade (séc. XIII-XIX)

mentos políticos da cidade. Vigo foi ocupada en 1809 polo exército francés, o que provocou un vasto movemento de resistencia popular e de reconquista da cidade, no que cobran protagonismo dous oficiais enviados pola Xunta Suprema do Reino de Galicia, Pablo Morillo e Bernardo González del Valle (Cachamuiña). Un ano despois concédese a Vila de Vigo o título de "cidade fiel, leal e valerosa" polo papel desempeñado na Guerra da Independencia.

Ao longo do período que transcorre dende principios do século XIX ata a restauración borbónica en 1874, España débatese entre Liberalismo e Absolutismo e imos ver como Vigo obtén a capitalidade da provincia en dúas ocasións 1820-23 e 1840, coincidindo con gobernos de corte liberal.

En 1861, o Ministerio de Guerra decide autorizar a demolición das murallas, o que significou o fin dunha época. A cidade necesitaba superar as barreiras espaciais que supoñían as murallas cara á súa expansión e mellora de acceso á mesma. O desenvolvemento económico levara a poboación de Vigo a experimentar un grande crecemento en poucos anos, polo que se facía necesario unha cidade máis moderna.







## FICHA 1. PONTE DE BALAIÓDOS

Situada na Rúa Travesía da Ponte Romana, o seu nome parece que fai referencia a unha ponte de época romana, pero sen embargo as características que presenta sitúana nun contexto medieval. Construída con perpiaños de granito cunha labra tosca, presenta forma combada e un só arco de medio punto. Ten dous vans que farían o labor de arcos de descarga cando o río levaba moita auga así como catro tallamares e catro tornarrodas. Os tallamares son a parte angular dos piares que teñen forma triangular e servían para atenuar a forza da corrente das augas e os tornarrodas con forma cónica-truncada servían para soste o peitoril.

A calzada está feita a base de lousas grandes e irregulares e nalgunha zona aínda se aprecian as marcas que deixaron as rodas dos carros. Esta ponte parece ser que estaba ligada ao camiño que comunicaba cara á Guarda dende toda a liña de costa.



**Ponte de  
Balaídos**

## **construíndo unha cidade**

De vila a cidade (séc. XIII-XIX)  
FICHAS DIDÁCTICAS

O primeiro que chama a atención desta ponte é que parece construída para salvar un río inexistente. Que terá pasado para que hoxe a ponte teña o cauce seco?

### **Actividade**

A pontes actuais son debedoras da enxeñería romana. Todo comenzou co arco de medio punto, que permitiu salvar os accidentes xeográficos. Debes facer un traballo de documentación sintético sobre a evolución da enxeñería civil dende a romanización á actualidade. Que revolucións tecnolóxicas aconteceron da Ponte de Balaidos á Ponte de Rande?

## FICHA 2. A MURALLA DE VIGO

As loitas co Reino de Portugal obrigaron aos poderes públicos a edificar unha muralla defensiva entre 1656 e 1665, que tivo que adaptarse a un terreo en costa e de perímetro irregular.

O recinto amurallado estendíase sobre a aba de O Castro, onde se atopaba a Fortaleza do Castro, que daba paso en liña descendente ao Castelo de San Sebastián. Ámbalas dúas foron fortalezas de planta estrelada. A súa traza descendía pola liña recta que marcan na actualidade as rúas Baixada a Príncipe e Carral, continuaba logo pola marxe litoral dende a Laxe ata o Berbés, ascendendo posteriormente dende aquí ata o Castelo de San Sebastián á altura do Paseo de Afonso XII.



**Muralla  
de Vigo**

## construíndo unha cidade

De vila a cidade (séc. XIII-XIX)  
FICHAS DIDÁCTICAS

O recinto amurallado presentaba sete portas de acceso denominadas: Gamboa, Laxe, Ribeira ou Berbés, Falperra, Pracer, Sol ou Salgueiral e do Mar ou porta da Fonte de Vigo, e estaba protexido por once baluartes defensivos ou baterías artilleiras (denominadas A Pedra, San Xosé, San Antonio, San Telmo, San Xulián, A Falperra, A Pulga, A Lama, San Antonio, A Gamboa e a Laxe). Do recinto partían tres camiños, ao leste da porta da Gamboa o de Redondela e Santiago que transcorría a través do Areal, ao sur o camiño do Porriño a través da porta do Pracer e o de Baiona e Tui pola porta da Falperra.

En canto á vila intramuros estaba organizada, dende o punto de vista urbanístico, en torno á Igrexa de Santa María e a sete prazas, que acolleron importantes mercados ao aire libre, das que destacaba a Praza da Vila ou Praza Maior, hoxe coñecida como Praza da Constitución en honor á Constitución de 1812, o eixo económico e institucional da cidade.

### Actividade

Traza nun plano do Vigo actual o contorno da antiga muralla. Despois, co conxunto da clase deberás realizar unha visita ao Casco Vello para fotografar e debuxar todos aqueles vestixios que sobreviviron ao seu derrubamento en 1861.



### **FICHA 3. AS VIVENDAS CON SOPORTAIS**

No interior do casco histórico podemos observar dous tipos de vivendas con soportais.

Por un lado as da actual Praza da Constitución, onde os soportais teñen como única función resgardar a xente da chuva e do vento. Por outro, as casas mariñeiras do Berbés onde a función principal era resgardar os útiles de pesca, a realización das operacións de primeira venda de peixe e a reparacións das redes dos mariñeiros, ao mesmo tempo que permitían o tránsito dos veciños do lugar.




**Vivendas  
con soportais**

## construíndo unha cidade

De vila a cidade (séc. XIII-XIX)  
FICHAS DIDÁCTICAS

As casas mariñeiras da Ribeira do Berbés teñen dous andares comunicados por escaleiras, con fachada estreita en relación co seu fondo, nas que se emprega como material o perpiaño. Grandes ménsulas sosteñen a estrutura dun corredor ou balcón, pechado orixinalmente con barandas de madeira que foron substituídas no século XX por outras de ferro fundido. Baixo os soportais e retranqueados aparecen dúas portas unha que daba acceso á vivenda do primeiro andar e outra que conducía o almacén na planta baixa, onde se gardaban distintos materiais de uso cotián nas tarefas de pesca. O primeiro andar era destinado á vivenda.



### Actividade

Na arquitectura tradicional a forma adáptase sempre a función. Tras da visita aos dous lugares, analiza as características dos dous tipos de vivenda (portas, ventás, balcóns, elementos ornamentais, tipos de soportal,...) e reflexiona sobre os modos de vida que se darían nunha e noutra vivenda.